

NOVIDADES DA ORDE DO 4 DE MAIO DE 2020

1) CODIFICACIÓN DA FORMACIÓN ADAPTADA

Coa finalidade de xestionar axeitadamente as accións de formación adaptada obxecto de subvención, e poder diferenciar claramente as distintas actuacións formativas, a localidade e a duración delas, e a documentación que se recibe a efectos de xustificación é necesario que no anexo IV os cursos de formación se identifiquen e codifiquen correctamente conforme os seguintes criterios:

Agruparanse por cada provincia, asignado as dúas primeiras letras da **provincia**. En cada agrupación de provincia outorgaráselle un numero correlativo e, a continuación, dous últimos díxitos do **período no que se inicia**, finalízase cun nome curto do curso. Separándose por un guión baixo.

É dicir : 2 primeiras letras da provincia_ ordinal_ período inicio_nome breve curso

Por exemplo: Un curso de alfabetización dixital que desenvolve en Sarria, outro en Viveiro na provincia de Lugo e outro de competencias clave desenvolto en Pontevedra

- primeiro curso codifícase

LU_1/20_Alfabetización dixital

- segundo curso

LU_2/20_Alfabetización dixital

- terceiro curso

PO_1/20_Competicencias clave

No anexo IV deberá diferenciarse claramente cada un dos cursos solicitados, coa dita codificación e o período de duración. Isto é moi importante para poder determinar o cumprimento do numero mínimo de alumnos en cada acción formativa.

No caso de non presentar os cursos codificados, será a propia Dirección Xeral quen os codifique. Esta codificación será posta a disposición da entidade que corresponda, na resolución da subvención.

2) MÓDULOS APLICABLES ÁS PRESTACIÓNS DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN INTEGRADA, SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO ESPECIALIZADO E SERVIZO DE PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL.

Os módulos subvencionables na Orde e as súas contías son:

	Modulos subvencionables	Cuantía a subvencionar	Horas máximas	Cantidad máxima	Requisitos específicos	
Comúns a todas as persoas en situación o risco de exclusión	Prestación da Carteira					
	Apoio a inclusión básica	Módulo de apoio á inclusión básica	22,18€/hora	3.440	83.000,00 €	80 persoas atendidas das cales 60% ten que ter realizadas as prestacións obrigatorias. No caso de persoas en situación de exclusión severa ou sen fogar 30 persoas que teñan as actuacións obrigatorias
	Apoio a inclusión e transición ao emprego	Módulo de apoio a inclusión e transición ao emprego	25,88 €/hora	3.440	83.000,00 €	80 persoas atendidas das cales 60% ten que ter realizadas as prestacións obrigatorias. No caso de persoas en situación de exclusión severa ou sen fogar 30 persoas que teñan as actuacións obrigatorias
	Formación adaptada	Módulo de formación adaptada	25,88 €/hora		83.000,00 €	5 participantes mínimo que teñan acreditada a asistencia como mínimo ao 60% do total das horas da acción formativa
	Intervención comunitaria en territorios de exclusión	Módulo de Intervención comunitaria en territorios de exclusión	25,88 €/hora		83.000,00 €	
	Prestación do servizo de apoio á inclusión residencial					Vinculado a la prestación de inclusión básica o de transición ao emprego cando as persoas atendidas son sen fogar
Específicas da poboación inmigrante	Prestación de apoio a conciliación	Módulo de medidas de apoio a conciliación	17,24 €/hora		83.000,00 €	A prestación debe estar vinculada a un proceso de apoio a inclusión sociolaboral o a prestación de formación adaptada
	Promoción da participación social	Módulo de promoción da participación social	25,88 €/hora		83.000,00 €	5 participantes mínimo que teñan acreditada a asistencia como mínimo ao 60% do total das horas da acción formativa
	Prestación do servizo de asesoramento técnico especializado en materias propias de estranxeiría	Módulo de asesoramento técnico especializado no ámbito normativo en materia de estranxeiría	25,88 €/hora	3.440	83.000,00 €	
	Prestación de mediación social e/ou intercultural, dirixida a integración das persoas inmigrantes	Módulo de mediación social y/o intercultural	19,75 €/hora		83.000,00 €	

3) SERVIZO DE APOIO Á INCLUSIÓN RESIDENCIAL

Este servizo inclúe accións de apoio ás persoas en procesos de inclusión sociolaboral que, debido aos seus **baixos ingresos e/ou outros factores de discriminación, teñen dificultades de acceso ou mantemento da estabilidade residencial**. Subvenciónanse as prestacións obrigatorias da sección de promoción do acceso e mantemento da vivenda: intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado da vivenda e acompañamento nos procesos de transición a recursos residenciais estables e a prestación opcional de mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda.

Este servizo subvenciónase no marco dun servizo de Apoio á inclusión sociolaboral básico ou de transición ao emprego.

Do crédito da aplicacións orzamentarias 13.03.313C.481.6 e 13.03.312C.481.0 distribuirase entre as solicitudes da tipoloxía do artigo 4.1.b).2º e 4.1.b).3º de xeito proporcional ao importe das actuacións admitidas de cada tipoloxía susceptibles de seren valoradas, e reservarase un mínimo de 500.000 € para aqueles programas que teñan por destinatarias persoas sen fogar

ou en exclusión severa, concretamente para o desenvolvemento das medidas recollidas no eixe 4 (Enfoque inclusivo da vivenda) do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023.